

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Oroso.

ANUNCIO

EXP.2024/E001/000001.

Con data de 10/01/2024 por parte da Alcaldía procedeuse a ditar a resolución nº 25/2024 co seguinte contido:

LOGO DE VER o requirimento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 30 de Novembro de 2023 (RE nº 202300000003309 do 11/12) para que o concello inicie o expediente para elixir a un xuíz de paz substituto no prazo de tres meses.

LOGO DE VER os artigos 99 a 103 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial (BOE nº. 157, do 2 de xullo de 1985); artigos 49 a 52 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial (BOE núm. 313 de 30 de decembro); e o acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial do 7 de xuño de 1995, polo que se aproba o Regulamento 3/1995, dos Xuíces de Paz, e demais lexislación concordante, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR a praza de XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO deste municipio con arranxo as seguintes bases da convocatoria:

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE OROSO (A CORUÑA).

En cumprimento do establecido nos artigos 99 e seguintes da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e os artigos 4 e seguintes do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, aprobado por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial do 7 de xuño de 1995, pola presente, acordase inicia-lo expediente para a elección dos cargos de Xuíz de paz titular e substituto do Concello de Oroso, segundo as bases seguintes:

1 Obxecto da convocatoria

Elección de Xuíz de paz substituto deste municipio.

2 Lugar e prazo de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello, Praza de Isaac Díaz Pardo, 1, 15888, Oroso, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP

3 Requisitos dos aspirantes

Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados en dereito, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder xudicial.
 - Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial.
 - Os condenados por delicto doloso mentres non obteñan a rehabilitación.
 - Os procesados ou inculcados por delicto doloso, en tanto non sexan absolutos ou se dicte auto de sobresemento.
 - Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- d) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do Poder xudicial.

4 Documentación a achegar coa solicitude

- a) Copia do Documento nacional de identidade.
- b) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá, de non estar inculcado ou procesado.

- c) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- d) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer-lo cargo.
- e) Xustificación de méritos (de alegalos o solicitante).

5 Elección e nomeamento

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

Os candidatos propostos polo Concello serán nomeados Xuíz de paz titular ou substituto pola Sala de goberno do Tribunal superior de xustiza de Galicia por un período de catro anos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

SEGUNDO. PUBLICAR esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e mediante Edictos no Taboleiro de edictos do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido e no Xulgado de Paz do Concello de Oroso.

TERCEIRO. ELEVAR o expediente ao Pleno do Concello aos efectos de designación de xuíz de paz titular e substituto do Concello de Oroso unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Oroso, 18 de xaneiro de 2024

O Alcalde

Alexander Doval Expósito.

2024/426